

No momento presente, en Galicia, contamos cunha tradición literaria moi consolidada, cuxos froitos son certamente sobresaíntes. Galicia foi sempre terra de escritores, aínda que houbo un tempo, desafortunadamente, en que careceu dun sistema literario propiamente dito ou este resultaba certamente deficitario. Hoxe os tempos son ben outros. Neste proceso de formación e consolidación dunha literatura florecente, participaron con empeño numerosos axentes, e cómpre resaltar que non poucos deles procederon das institucións públicas, que asistiron e acompañaron aos creadores e creadoras, e á industria editorial.

Os concellos en Galicia, foron e son parte fundamental no avance que imprimiron á normalización da nosa lingua. Dun xeito moi natural, asumiron a lingua dos cidadáns como administración de proximidade e mesmo botaron a andar iniciativas propias como esta que con moito esforzo se converteron en referentes lingüísticos e culturais. É todo un exemplo neste sentido o Concello de Paradela, que xa a inicios da década dos noventa do século pasado comezou a convocar anualmente un concurso, nas categorías de narrativa e poesía, e que xa vai na décimo oitava edición. Tal foi o éxito deste certame que resulta hoxe moi gratificante ver como algúns dos escritores e escritoras premiados daquelas edicións anteriores son agora escritores consolidados e de éxito.

A décimo oitava edición do certame constitúe un chanzo máis, de moita maior envergadura, que nos fala indefectiblemente do éxito do camiño percorrido. Non resulta un indicio menor o feito de que a esta edición se presentasen 973 obras, un número asombroso de propostas que nos mostran de forma palmaria a vitalidade e o atractivo que exerce entre os nosos narradores o certame que leva, tan merecidamente, o nome de Manuel Oreste Rodríguez López.

Tal cantidade de obras presentadas lévame tamén a outra reflexión. Refírome ao arduo traballo que tiveron que realizar as persoas que integraron o xurado para a elección das obras gañadoras desta edición e que agora se dan a coñecer ao público a través deste fermoso e coidado libro que, vostede lector ou lectora, ten nas súas mans. Estou seguro de que, malia ás dificultades propias desta difícil tarefa de selección e descartes, este labor lles resultaría gozoso. No entanto, quero igualmente expresarlles as miñas grazas por participaren neste proxecto no que o Concello de Paradela e a Secretaría Xeral de Política Lingüística colaboran conxuntamente.

E chegados a este punto, quero referirme aos auténticos protagonistas deste libro: os poetas e narradores que obtiveron algún dos loureiros que estaban en concurso. Vaian para eles os meu máis sinceros parabéns e a miña máis franca admiración por teren logrado este prezado galardón. Vaian tamén as miñas grazas ás persoas –algunhas delas de lugares ben afastados ao noso– que atenderon tan amablemente a chamada do Concello de Paradelas nesta última convocatoria. E para vostede, lector ou lectora, vaia o meu desexo de que, durante a lectura deste libro, o invada o gozo e a fruición.

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística